



Guía Docente				
Datos Identificativos				2019/20
Asignatura (*)	Deseño e Desenvolvemento Curricular na Educación Musical: a Metodoloxía e Avaliación		Código	652610A22
Titulación				
Descritores				
Ciclo	Período	Curso	Tipo	Créditos
Mestrado Oficial	Anual	Primeiro	Obrigatoria	8
Idioma	Castelán			
Modalidade docente	Presencial			
Prerrequisitos				
Departamento	Didácticas Específicas e Métodos de Investigación e Diagnóstico en Educación			
Coordinación	Chao Fernandez, Rocio	Correo electrónico	rocio.chao@udc.es	
Profesorado			Correo electrónico	
Web				
Descrición xeral	Esta materia ten un carácter integral no sentido de integrar as aprendizaxes desenvolvidas nos módulos para o profesorado de Música de educación secundaria obrigatoria e de bacharelato. Durante o seu desenvolvemento trataremos de achegarnos ás estratexias de Deseño de unidades de traballo e a autoavaliación das mesmas, para buscar a mellora continua do proceso de ensino-aprendizaxe. Ao tempo que nos aproximamos á dinámica dos métodos de traballo, afondando nos curriculums das distintas materias que integran a especialidade, traballando con recursos didácticos propios da área e buscando métodos de organización racional destes dentro da aula.			

Competencias / Resultados do título	
Código	Competencias / Resultados do título

Resultados da aprendizaxe		
Resultados de aprendizaxe	Competencias / Resultados do título	
Expresarse correctamente, tanto de forma oral como escrita, nas linguas oficiais da comunidade autónoma.		CP1
Dominar a expresión e a comprensión de forma oral e escrita dun idioma extranxeiro.		CP2
Utilizar as ferramentas básicas das tecnoloxías da información e as comunicacións (TIC) necesarias para o exercicio da súa profesión e para a aprendizaxe ao longo da súa vida.		CP3
Desenvolverse para o exercicio dunha cidadanía aberta, culta, crítica, comprometida, democrática e solidaria, capaz de analizar a realidade, diagnosticar problemas, formular e implantar solucións baseadas no coñecemento e orientadas ao ben común.		CP4
Valorar criticamente o coñecemento, a tecnoloxía e a información dispoñible para resolver os problemas cós que deben afrontarse.		CP6
Asumir como profesional e cidadán a importancia da aprendizaxe ao longo da vida.		CP7
Valorar a importancia que ten a investigación, a innovación e o desenvolvemento tecnolóxico no avance socioeconómico e cultural da sociedade.		CP8
(CE-E1) Coñecer o valor formativo e cultural das materias correspondentes á especialización	AP15	
(CE-E2) Coñecer os contidos que se cursan nas respectivas ensinanzas.	AP16	
(CE-E3) Coñecer a historia e os desenvolvementos recentes das materias e as súas perspectivas para poder transmitir unha visión dinámica das mesmas.	AP17	
(CE-E4) Coñecer contextos e situacións nas que se usan ou aplican os diversos contidos curriculares.	AP18	
(CE-E5) Coñecer os desenvolvementos teórico-prácticos do ensino e a aprendizaxe das materias correspondentes.	AP19	
(CE-E6) Transformar os currículos en programas de actividades e de traballo.	AP20	
(CE-E7) Adquirir criterios de selección e elaboración de materiais educativos.	AP21	
(CE-E10) Coñecer estratexias e procedementos de avaliación e entender a avaliación como un procedemento de regulación da aprendizaxe e estímulo ao esforzo.	AP24	



(CE-E8) Fomentar un clima que facilite a aprendizaxe e poña en valor as aportacións dos estudantes	AP22		
(CE-E11) Coñecer e aplicar propostas docentes innovadoras no ámbito da especialización cursada.	AP25		
(CE-E12) Analizar críticamente o desempeño da docencia, das boas prácticas e da orientación utilizando indicadores de calidade.	AP26		
(CE-E13) Identificar os problemas relativos ao ensino e á aprendizaxe das materias da especialización e plantexar alternativas e solucións.	AP27		
(CE-E14) Coñecer e aplicar metodoloxías e técnicas básicas de investigación e avaliación educativas e ser capaz de deseñar e desenvolver proxectos de investigación, innovación e avaliación.	AP28		
(CE-E16) Coñecer os procesos e recursos para a prevención de problemas de aprendizaxe e convivencia (OE).	AP30		

Contidos	
Temas	Subtemas
Principios metodolóxicos na Educación Musical.	Principios metodolóxicos na Educación Musical.
Didáctica dos diferentes contidos curriculares na Educación Musical.	Didáctica dos diferentes contidos curriculares na Educación Musical.
Recursos e materiais curriculares na Educación Musical.	Recursos e materiais curriculares na Educación Musical.
Medios de comunicación e TIC na Educación Musical.	Medios de comunicación e TIC na Educación Musical.
Os principios de transversalidade, interdisciplinariedade e atención á diversidade na Educación Musical.	Os principios de transversalidade, interdisciplinariedade e atención á diversidade na Educación Musical.
A avaliación dos procesos de ensino/aprendizaxe na Educación Musical.	A avaliación dos procesos de ensino/aprendizaxe na Educación Musical.

Planificación				
Metodoloxías / probas	Competencias / Resultados	Horas lectivas (presenciais e virtuais)	Horas traballo autónomo	Horas totais
Aprendizaxe colaborativa	A20 A22 C7 C8	30	0	30
Sesión maxistral	A15 A16 A17 A18 A19	35	0	35
Traballos tutelados	A25 A26 A27 A28 A30 C1 C2 C3 C4 C6	40	0	40
Presentación oral	A28 C1 C2 C3 C4	5	5	10
Análise de fontes documentais	A16 A17 A18 A19 A21 A24	40	40	80
Atención personalizada		5	0	5

*Os datos que aparecen na táboa de planificación son de carácter orientativo, considerando a heteroxeneidade do alumnado

Metodoloxías	
Metodoloxías	Descrición
Aprendizaxe colaborativa	Conxunto de procedementos de ensino-aprendizaxe guiados de forma presencial e/ou apoiados con tecnoloxías da información e as comunicación, que se basean na organización da clase en pequenos grupos nos que o alumnado traballa conxuntamente na resolución de tarefas asignadas polo profesorado para optimizar a súa propia aprendizaxe e a dos outros membros do grupo.
Sesión maxistral	Exposición oral complementada co uso de medios audiovisuais e a introdución dalgunhas preguntas dirixidas aos estudantes, coa finalidade de transmitir coñecementos e facilitar a aprendizaxe. A clase maxistral é tamén coñecida como ?conferencia?, ?método expositivo? ou ?lección maxistral?. Esta última modalidade adoitase reservar a un tipo especial de lección impartida por un profesor en ocasións especiais, cun contido que supón unha elaboración orixinal e baseada no uso casi exclusivo da palabra como vía de transmisión da información á audiencia.



Traballos tutelados	Metodoloxía deseñada para promover a aprendizaxe autónoma dos estudantes, baixo a tutela do profesor e en escenarios variados (académicos e profesionais). Está referida prioritariamente á aprendizaxe de "cómo facer as cousas?". Constitúe unha opción baseada na asunción polos estudantes da responsabilidade polo seu propio aprendizaxe. Este sistema de ensino basease en dous elementos básicos: a aprendizaxe independente dos estudantes e o seguimento desa aprendizaxe polo profesor-tutor.
Presentación oral	Intervención inherente aos procesos de ensino-aprendizaxe baseada na exposición verbal a través da cal o alumnado e o profesorado interactúan dun modo ordenado, propoñendo cuestións, facendo aclaracións e expoñendo temas, traballos, conceptos, feitos ou principios de forma dinámica.
Análise de fontes documentais	Técnica metodolóxica que supón o emprego de documentos audiovisuais e/ou bibliográficos (fragmentos de reportaxes documentais ou películas, noticias de actualidade, paneis gráficos, fotografías, biografías, artigos, textos lexislativos, etc.) relevantes para a temática da materia con actividades especificamente deseñadas para o análise dos mesmos. Pódese empregar como introdución xeral a un tema, como instrumento de aplicación do estudo de casos, para a explicación de procesos que non se poden observar directamente, para a presentación de situacións complexas ou como síntese de contidos de carácter teórico ou práctico.

Atención personalizada

Metodoloxías	Descrición
Análise de fontes documentais	O profesorado da materia fará o seguimento e supervisión dos traballos realizados.

Avaliación

Metodoloxías	Competencias / Resultados	Descrición	Cualificación
Análise de fontes documentais	A16 A17 A18 A19 A21 A24	Baséase na utilización de documentos e fontes relevantes para a súa análise e posterior utilización para explicar a natureza dos distintos contidos e aspectos da materia.	25
Aprendizaxe colaborativa	A20 A22 C7 C8	Trátase de implicarse non só no propio proceso educativo, sino tamén no dos compañeiros, logrando unha sinerxia que enriqueza a aprendizaxe colectiva.	25
Traballos tutelados	A25 A26 A27 A28 A30 C1 C2 C3 C4 C6	Trátase de facer un traballo de iniciación á investigación e á innovación educativa. Esixe por parte do alumnado un grao de responsabilidade consonte cos obxectivos e a calidade que debe presidir este tipo de traballo.	30
Presentación oral	A28 C1 C2 C3 C4	Exposición de traballos, individuais ou colectivos, diante do grupo de referencia, procurando expor conclusións sobre a problemática investigada, documento ou experiencia abordada.	20

Observacións avaliación



Para aprobar a asignatura é necesario aprobar cada un dos apartados anteriores. No caso contrario non se fai media. A asistencia ás clases presenciais é obrigatoria. O alumnado, individualmente ou en pequeno grupo (como máximo 2/3 alumnos/as) entregará, unha vez rematadas as clases presenciais, o traballo realizado. Se o estudante non chega a unha asistencia do 80% das clases presenciais; deberá ser avaliado, ademais de polo mesmo que todo o alumnado, por unha proba individual. Neste caso, terá un peso do 60% e o traballo terá unha ponderación do 40%, esixíndose en cada unha delas unha nota igual ou superior a 5 sobre 10. Como consideración xeral, terase especialmente en conta, tanto nos exámes como nos traballos, as deficiencias ortográficas de puntuación e acentuación, así como unha redacción incoexa ou inadecuada, deficiente presentación, excesivo número de tachaduras, etc. Todo elo suporá a redución de puntos sobre a nota obtida. En caso de que a/o profesor detecte plaxio nalgún traballo, suporá un 0 na cualificación. No caso de reiteración, darase traslado á Comisión Académica para a toma de medidas oportunas. Farase especial fincapé no cuidado do medio ambiente en pro dunha educación e sociedade sostible. Os traballos serán enviados exclusivamente telemáticamente, e de non ser posible, nos documentos impresos non se empregarán plásticos, elixírase a impresión a dobre cara, e papel reciclado, evitando imprimir borradores. Débese facer un uso sustentábel dos recursos e a prevención de impactos negativos sobre o medio natural. Débese ter en conta a importancia dos principios éticos relacionados cos valores da sustentabilidade nos comportamentos persoais e profesionais. Para elo, sempre que sexa posible na elaboración dos traballos empregárase material de reciclaxe e evitárase o emprego de materiais de plástico na entrega dos mesmos.

Fontes de información

Bibliografía básica	<ul style="list-style-type: none"> - A.A.V.V. (2007). (2007). Competencias en educación musical.. Eufonía. Didactica de la Música 41 - Casals, A., Vilar, M. y Ayats, J. (2008). La investigación-acción colaborativa: reflexiones.. Electrónica Complutense de Investigación en Educación Musical, V. 5 Núm 4, 1-17. - Coll, C. (Coord.) (2011). Desarrollo, aprendizaje y enseñanza en la educación secundaria.. Barcelona:Graó - Díaz, M. y Giráldez, A. (Coord.) (2007). Aportaciones teóricas y metodológicas a la educación musical.. Barcelona:Graó - Gillanders, C. , Candisano, J.A. (2011). métodos y modelos de educación musical. . Música y Educación: revista trimestral de pedagogía musical, 24(87) - Giráldez, A. (2011). Música. Complementos de formación curricular.. Barcelona:Graó - Giráldez, A. (2011). Música. Investigación, innovación y buenas prácticas.. Barcelona:Graó - Trujillo, F. (2012). La enseñanza basada en proyectos. Una propuesta eficaz para el aprendizaje y el desarrollo de las competencias básicas.. Eufonía (55), 7-15 - Zaragoza, J.I. (2009). Didáctica de la Música en la educación secundaria. Barcelona:Graó <p>Decreto 86/2015, do 25 de xuño, polo que se establece o currículo da educación secundaria obrigatoria e do bacharelato na Comunidade Autónoma de Galicia.O profesorado facilitará a bibliografía que estime oportuna ao longo do curso.</p>
Bibliografía complementaria	

Recomendacións

Materias que se recomenda ter cursado previamente

Materias que se recomenda cursar simultaneamente

Materias que continúan o temario

Observacións

La entrega de los trabajos se realizará telemáticamente, en la plataforma correspondiente, si no fuese posible, no deben emplearse plásticos, elegir la impresión a doble cara, emplear papel reciclado y evitar imprimir borradores. Debe hacerse un uso sostenible de los recursos y la prevención de impactos negativos sobre el medio natural y tener en cuenta la importancia de los principios éticos relacionados con los valores de la sostenibilidad en los comportamientos personales y profesionales. En la materia se incorporará la perspectiva de género y se trabajará para fomentar y, en su caso, modificar prejuicios y actitudes sexistas.



(*A Guía docente é o documento onde se visualiza a proposta académica da UDC. Este documento é público e non se pode modificar, salvo casos excepcionais baixo a revisión do órgano competente dacordo coa normativa vixente que establece o proceso de elaboración de guías